XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
Xacobeo 21·22



# PLAN DIXITAL

## CEIP Plurilingüe O Corgo

[Versión 1.0_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital


1. **Introdución**
   1.1. Datos básicos do centro
   1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
   1.3. Breve xustificación do mesmo
   1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
   2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
   2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
   2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
   3.1. Obxectivos, indicadores e accións
   3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
   4.1. Seguimento do Plan de Acción
   4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

# 1. Introdución

## 1.1. Datos básicos do centro

*TIPO DE CENTRO PÚBLICO DENOMINACIÓN OFICIAL: CEIP PLURILINGÜE O CORGO*
*CÓDIGO DO CENTRO: 27014847*
*ENDEREZO:ESTRADA N-VI S/N O CORGO LUGO C.P 27163*
*TELÉFONOS: 982 829215 – 982829216 622423392*
*CORREO ELECTRÓNICO: ceip.corgo@edu.xunta.es*
*PÁXINA WEB:* https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcorgo/

*O colexio conta con dúas unidades de Educación Infantil e 4 de Educación Primaria, aínda que en primaria todos os grupos están separados a costa do horario do profesorado, polo que hai un grupo por nivel. O centro posúe unha media de 90 nenos e nenas. O catálogo de postos de traballo do centro é de 13 persoas.*
*Persoal non docente: cociñeiras, conserxe, ILS, coidadora.*
*O centro conta con servizo de trasporte escolar e comedor de xestión directa.*

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

*Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro*

*O CEIP Plurilingüe O Corgo está situado na vila de O Corgo, a 14 km da capital de Lugo, sendo un centro de titularidade pública. É unha zona pouco industrializada e con poucos servizos para as parellas novas, moi baixo índice de natalidade. A poboación é moi dispersa. A economía rural de subsistencia convive cunha pequena minoría de profesións liberais exercidas por parellas que saen da cidade buscando un ambiente máis natural, sendo así, as familias, dun nivel socioeconómico heteroxéneo. Nos últimos anos incrementouse alumnado procedente de Lugo con NEE que buscan no noso centro unha atención individualizada.*

*Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro:*
*O noso centro, quixo dar impulso ás novas tecnoloxías da información e da comunicación na práctica educativa cotiá, grazas ao equipo directivo e coa unión da comunidade escolar, levando por diante diferentes actuacións dende o 2008.*
*Traballouse para solicitar equipamento suficiente nas aulas (PDI, ordenadores e proxectores en cada aula, dotación dunha sala de recursos para o profesorado...) como tamén participando en distintos programas de innovación educativa como Abalar e E-Dixgal dende o ano 2017.*
*O diverso profesorado, tanto definitivos coma substitutos, participou e participa activamente nas formacións ao profesorado cara o emprego das tecnoloxías. Xa se ten traballado co Jclic, HotPotatoes, moodle,Drupal, Clic 2.0...*
*A pandemia, nestes últimos anos, incrementou o compromiso coa formación do profesorado e o uso das tecnoloxías.*

*Estase traballando este ano na actualización da páxina web, onde se amosen as diferentes actividades que se realizan no centro,coa ANPA, colaborando co concello, coas diferentes asociacións, e dar a coñecer os documentos e as programacións correspondentes, unha fiestra aberta ás familias.*
*Os programas educativos relacionados coas novas tecnoloxías nos que participa o noso centro son Abalar e E-Dixgal, Redeiras e Abeiro e estamos en proceso no programa de innovación educativa Polos Creativos.*

*Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23:*
*O Plan Dixital do centro sen dúbida vai influír en diferentes aspectos na programación xeral do vindeiro curso, xa que nel van reflectidos distintos compromisos de formación e de actuacións que terán que ter a súa cabida na PXA, en tanto serán eixos primordiais das actividades de formación do vindeiro curso académico. Por outra banda cada ciclo terá que determinar, tal e como se verá nos obxectivos deste plan Dixital, os contidos a traballar co alumnado para a realización do itinerario de formación básica en contornas dixitais. Estes contidos serán integrados nas programacións de aula e se fará referencia a eles na propia PXA como obxectivos de ciclo.*

## 1.3. Breve xustificación do mesmo

*A normativa aplicable en relación co Plan Dixital do noso centro:*

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

## 1.4. Proceso de elaboración

*Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital*
*Para a elaboración do Plan Dixital,creouse un curso dentro da aula dixital do ADIX, a coordinadora tivo que participar neste curso e foi a encargada de transmitir as tarefas a realizar a todo o equipo dinamizador do Plan Dixital. En canto houbo tarefas que realizar o proceso foi o de establecer reunións de todo o equipo e establecer as liñas xerais. O proceso de redacción dos traballos fixéronse sempre en grupo para lograr ter todas as achegas necesarias feitas polos compañeiros e compañeiras.*
*A coordinadora creou, dentro da Aula Virtual do noso centro, un curso onde se colgaban os diferentes documentos feitos de ADIX, para que todos os participantes de equipo puideran acceder os contidos cando fose necesario.*

# 2. Situación de partida

## 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

***Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos)***

*O noso centro conta co conexións cableadas na maioría dos espazos coa compañía Movistar/R. Temos rede Wifi, con dúas posibilidades de conexión (Abalar nas aulas de 5º e 6º e a rede edu.xunta.gal) Temos puntos Wifi en todo o recinto, excepto no pavillón.*

*Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías: aulas dixitalizadas, proxecto E-Dixgal, equipos de xestión e administración, uso na biblioteca, equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos, equipos ultraportátiles para aula móbil, aulas de informática e dotacións para proxectos específicos.*

*Aula de Infantil: proxector pantalla de proxección pc de sobremesa de 2 mano retirados de educación*
*Aula de Infantil:proxector pantalla de proxección pc de sobremesa de 2 mano retirados de educación*
*Departamento de orientación: Pc de sobremesa HP (xuga2010)*
*Aula A.L:Pc de sobremesa Comelta high. Proporcionado pola consellería*
*Aula P.T: Pc de sobremesa Fujitju (Xuga 2014). Proporcionado pola consellería*
*Sala de profesores: Pc de sobremesa hp (xuga 2010), impresora epson m300 b/n.*
*Dirección:Pc de sobremesa hp pro sin impresora.*
*Secretaría: Pc de sobremesa hp6005(xuga 2010). Proporcionado pola consellería*
*Conserxería: Fotocopiadora Konica (xunta) b/n. Proporcionada pola consellería*
*Aula de Primero: proxector, pantalla de proxección, pc de sobremesa de 2ª mano doados por educación*
*Aula de Segundo:proxector pantalla de proxección pc de sobremesa de 2 mano doados por educación.*
*Aula de terceiro: proxector, pantalla de proxector, pc hp 6005 (xuga2010)*
*Aula de Cuarto:proxector, pantalla de proxector, pc hp 6005 (xuga2010)*
*Aula de quinto: Aula Abalar, PDI, proxector portátil e carro de carga*
*Aula de sexto: Aula Abalar, PDI, proxector e portátil.*
*20 Netbook*
*Aula de idiomas: proxector pantalla de proxección pc de sobremesa Toshiba tecra. >2008.Proporcionado pola consellería*
*Biblioteca: proxector pantalla de proxección portátil ACER 2010*
*Aula de música:Proxector pantalla PDI y portátil ibn2008*

*Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente*
*O centro conta cunha páxina web actualizada (https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcorgo/) na que se recolle toda a documentación que se realiza no centro, avisos, información do menú do*

*comedor, as noticias das actividades do centro, etc. O profesorado utiliza o abalarmóbil para a comunicación coas familias, citar titorías, avisos e expedición de notas. Tamén a través de E-Dixgal o alumnado de 5º e 6º comunícase co seu profesorado para aclarar dúbidas ou especificacións.*
*Destacar, que coa pandemia vivida fai dous anos, fíxose evidente a necesidade de usar diferentes canles entre o profesorado- alumnado – familias, é aquí onde a Aula Virtual do Centro cubre as nosas necesidades e déuselle un bo uso. Realizouse un vídeo titorial (https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcorgo/?q=node/205) para iniciarse nela.*
*Tamén se fixo evidente a necesidade do uso das canles corporativas para evitar o emprego de mensaxería comerciais, feito que se veu reflectido na elaboración e aprobación dun plan de comunicación no curso 20-21.*

*Xestión do mantemento do equipamento do centro.*
*O mantemento do equipamento do centro faise a través do coordinador Tic. Tras unha primeira análise da incidencia, e no caso de que requira unha intervención especializada, o coordinador ponse en contacto co servizo premium ou coa UAC (dependendo da orixe da incidencia) e tómanse as medidas que indiquen os servizos especializados. O centro conta cun plan TIC dende o ano 2017.*

*Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC*
*Plan Tic*
*Plan de continxencia*
*Plan de comunicación realizado no curso 2020-2021, ao que se pode acceder dende este enderezo:*
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcorgo/?q=node/413

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Primaria | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A -Liderado | Equipo Direct. | 4,7 | | | | |
| | Profesorado | 4,1 | | | | |
| | Alumnado | - | | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 4 | | | | |
| | Profesorado | 3,5 | | | | |
| | Alumnado | 3,6 | | | | |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | 4,3 | | | | |
| | Profesorado | 3,6 | | | | |
| | Alumnado | 4 | | | | |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 5 | | | | |
| | Profesorado | 3,9 | | | | |
| | Alumnado | - | | | | |
| E- Pedagoxía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | 4,3 | | | | |
| | Profesorado | 4 | | | | |
| | Alumnado | - | | | | |
| F- Pedagoxía: Implementación na aula | Equipo Direct. | 5 | | | | |
| | Profesorado | 3,4 | | | | |
| | Alumnado | 3,7 | | | | |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | 3 | | | | |
| | Profesorado | 3,1 | | | | |
| | Alumnado | - | | | | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | 5 | | | | |
| | Profesorado | 3,9 | | | | |
| | Alumnado | 4,3 | | | | |

## *Test CDD*

*1.3. Participación segundo perfil do profesorado*

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|---|---|---|---|
| **DEFINITIVO** | 8 | 10 | 80% |
| **PROVISIONAL** | 2 | 2 | 100% |
| **INTERINO** | 1 | 1 | 100% |
| **SUBSTITUTO** | 3 | 4 | 75% |
| **OUTROS** | 1 | 1 | 100% |

*2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro*

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|
| 85,2 | Integrador/a (B1) | 76,4 | Integrador/a (B1) |

*2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas*

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|---|
| **Inf** | *88,9* | *Integrador/a (B1)* | *68,2* | *Integrador/a (B1)* |
| **Pri** | *91,5* | *Integrador/a (B1)* | *77* | *Integrador/a (B1)* |

*2.3. Distribución do profesorado por niveis*

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|---|---|---|
| **Participante A1** | 3 | 20% |
| **Explorador/a A2** | 3 | 20% |
| **Integrador/a B1** | 2 | 13,3% |
| **Experto/a B2** | 5 | 33,3% |
| **Líder C1** | 1 | 6,7% |
| **Pioneiro/a C2** | 1 | 6,7% |
| **TOTAL** | 15 | 100,00% |

## 2.3. Análise DAFO

*A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.*

BOARD para DAFO (con categorías)_boardposts_20220328143417

| | Fortalezas | | Debilidades |
|---|---|---|---|
| **Persoal docente** | Claustro implicado en mellorar a competencia dixital. | **Persoal docente** | Falta de competencia dixital do profesorado. |
| **Oferta** | Participación en proxectos interdisciplinais. | **Oferta** | Pouca colaboración con outras entidades. |
| **Infraestructuras** | Promoción do Sotfware libre no ámbito educativo | **Infraestructuras** | Falta de equipamento informático mercado polo centro. |
| | **Ameazas** | | **Oportunidades** |
| **Lexislación** | Liberación nula de horario de coordinación Tic.<br>Equipos antigos. | **Admin. Educativa** | Formación útil para o claustro. |
| **Admin. Educativ** | Falta de asistencia técnica | **Contorna** | Aumentar a participación do alumnado en proxectos interd |
| | | **Outras entidades** | Interese pola formación das Tic´s |

# 3. Plan de Acción

## 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

*Unha vez coñecidos os resultados do test de CDD e os do Selfie, que dan unha visión panorámica das necesidades do centro, o equipo de dinamización do plan Dixital reuniuse e determinou cales son as necesidades específicas propias do centro, isto é, aquelas que podemos nós mesmos facer algo para solventalas, xa que existen multitude de factores dos que non temos responsabilidade nin posibilidade de modificar.*

*No noso caso as necesidades céntranse en explorar as diferentes modalidades de ensino no ámbito dixital entre o profesorado, actualizar e renovar os dispositivos dixitais de centro xa que teñen moitos anos e favorecer o intercambio de experiencias colaborando con outras entidades para desenvolver a competencia dixital.*

# Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

| ”Área/s de mellora”: LIDERADO (A) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1. OBXECTIVO (1): | Explorar as diferentes modalidades de ensino no ámbito dixital entre o profesorado coa axuda da A.V que serán, previamente, difundidas entre o claustro. | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Dirección e persoa coordinadora TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Porcentaxe de participación do profesorado nas novas modalidades do ensino no ámbito dixital.(rexistro de actividade)<br>Rexistro da asistencia das dúas horas da reunión quincenal | | | | | |
| Valor de partida (3) | 30 % de participación do profesorado no emprego de novas modalidades no ensino dixital.<br>0 horas adicadas a exploración de novas modalidades no ensino dixital. | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 2 horas cada 15 días para explorar novas modalidades de ensino dixital e participación dun 60% do profesorado no foro da A.V. | | | 30- xuño- 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| **AO1.1:Crear un curso na A.V. para dar a coñecer o Plan Anual relacionado coa estratexia dixital de centro** | Equipo TIC | 22–xuño-2023 | Panel anunciador na sala de mestres.<br>Aula Virtual | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| **AO1.2: Formar ao profesorado no emprego da A.V. do centro.** | Coordinador do equipo Tic | 1–abril-2023 | Aula Virtual | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| **AO1.3:Crear un grupo de comunicación para compartir novas sobre recursos dixitais.** | Profesorado<br>Equipo Tic | 22–xuño-2023 | Curso na Aula Virtual: Foro | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **AO1.4: Elaborar novos horarios garantindo tempo para a exploración .** | Dirección | 15-setembro-2022 | Lexislación sobre os horarios | | | |
| **AO1.5: Adicar un tempo cada quince días para a exploración e reflexión conxunta dentro do horario escolar** | Coordinadores de ciclo.<br>Coordinadora do Equipo Tic | 22–xuño-2023 | Convocatorias e actas de reunión | | | |

| "Área/s de mellora": INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2. OBXECTIVO (1): | Actualizar e renovar os dispositivos dixitais de centro | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Persoa coordinadora TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Porcentaxe de dispositivos actualizados e renovador | | | | | |
| Valor de partida (3) | 0% dos dispositivos actualizados e renovados | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 50% dos dispositivos actualizados e renovados | | | 30 – xuño - 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| | | | | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO2.1:Reorganizar horarios para a creación dun equipo TIC que colabore na documentación de equipos. | Dirección | 15-setembro-2022 | Lexislación sobre horarios<br>Cadro docente | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |
| AO2.2:Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro. | Secretaria<br>Coordinadora do equipo TIC | 20-decembro-2022 | Parte de incidencias e estado<br>Listaxe de equipos de XADE- DRD | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |
| AO2.3:Actualizar e/ou propoñer renovación doequipamento dixital. | Secretaria<br>Coordinadora do equipo Tic | 1-xuño-2023 | Listaxes previas<br>Documentos coas propostas | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |

<table>
<tr><th colspan="7">"Área/s de mellora": COLABORACIÓN E REDES</th></tr>
<tr><td>3. OBXECTIVO (1):</td><td colspan="4">Favorecer o intercambio de experiencias e colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital</td><td>Acadado</td><td></td></tr>
<tr><td>RESPONSABLE:</td><td colspan="4">Dirección e responsable das actividades extraescolares</td><td>Non acadado</td><td></td></tr>
<tr><td>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</td><td colspan="6">Número de colaboracións con outras entidades</td></tr>
<tr><td>Valor de partida (3)</td><td colspan="6">1 colaboración (charlas, obradoiros)</td></tr>
<tr><td>Valor previsto e data (4)</td><td colspan="3">4 colaboracións</td><td colspan="3">30 – xuño - 23</td></tr>
<tr><th colspan="7">ACCIÓNS A DESENVOLVER</th></tr>
<tr><th rowspan="2">DESCRICIÓN (5)</th><th rowspan="2">RESPONSABLES (6)</th><th rowspan="2">DATA PREVISTA FIN (7)</th><th rowspan="2">RECURSOS NECESARIOS (8)</th><th colspan="3">SEGUIMENTO DA ACCIÓN</th></tr>
<tr><th>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</th><th colspan="2">ESTADO (10)</th></tr>
<tr><td rowspan="3">AO3.1:Contactar co entidades para charlas de diferentes temas (orientación laboral, coñecemento profesional, medio ambiente, ciencia en galego… )</td><td rowspan="3">Dirección ou persoa responsable acts. extraescolares</td><td rowspan="3">31-maio-2023</td><td rowspan="3">Medios de comunicación para establecer contactos (mensaxería …)</td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO2.2:Organizar, participar, divulgar en intercambios de experiencias con profesorado doutros centros. (Calendario de encontros, crear foro de comunicación entre os directores dos centros da zona)</td><td rowspan="3">Dirección ou persoa responsable acts. Extraescolares</td><td rowspan="3">1-xuño-2023</td><td rowspan="3">Profesorado doutros centros que desenvolva experiencias interesantes e profesorado do centro que estea disposto a coñecelas.<br>Correo corporativo, modo grupal. (mensaxería …)</td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
</table>

***Axuda para completar as táboas:***

**(1)** **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

a. **Específicos** (**S**pecific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
b. **Medibles (M**easurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
c. **Alcanzables** (**A**chievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
d. **Relevante** (**R**elevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
e. **Definidos** no tempo (**T**ime bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

**(2)** **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

**(3)** **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

**(4)** **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

**ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

**(5)** **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

**(6)** **RESPONSABLES**: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

**(7)** **DATA PREVISTA FIN**: Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

**(8)** **RECURSOS NECESARIOS**: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,…).

**(9)** **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

**(10)** **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

| | Uso do espazo | | PW/T | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Administración | Pc/p | Conectividade | Marca | Ano Xuga | S.O. | C/w | IP | Hardware asociado | Estado/Nec. futura |
| 1 | Dirección | Pc | PW/T | Hp pro3130 | 2011 | w10 | c | 53 | Imp. Brother 8860dn | Imp out/Nueva? |
| 2 | Secretaría | Pc | T | Hp Serv.Edixgal | 2012 | Serv. | c | Abalar | | Correcto |
| 3 | Secretaría | Pc | | Hp pro desk* | 2016 | w10 | c | 52 | Imp. Lexmark E350d | Imp out/Nueva? |
| 4 | Sala de mestres | Pc | PW | Hp pro desk | 2016 | w10 | c | 51 | Imp. Epson M300 | Correcto |
| | Conserxería | | T(móbil) | | | | | | Fot. Conica-Minolta b287 | |
| 5 | Biblioteca | Pc | PW | Fujitsu ** | 2012 | w10 | c | 55 | Imp. Samsung M2625 | No w11 |
| | Aulas Esp. | | | | | | | | Lector de barras | |
| 6 | Audio e lin. | Pc | PW | Fujitsu | 2012 | w10 | c | 58 | | No w11 |
| 7 | Pedagoxía T. | Pc | PW | Lenovo ThinkC | 2015 | w10 | c | 54 | | No w11 |
| 8 | Orientación | Pc | | Hp Pro 6005 | 2010 | w10 | c | 56 | | No w11 |
| 9 | Plurilingüismo | Pc | PW | Hp Pro 6005 | 2010 | w10 | c | 57 | Proj Epson 39204AA | No w11 |
| 10 | EF/MU | Pc | PW | Hp Pro 6005 | 2010 | W10 | c | 59 | Proj. Epson EMP745+PDI SB | Deteriorado Proy |
| 11 | Almacén | Port | | IBM | >2008 | xp | w | | | Obsoleto |
| 12 | Almacén | Port | | Toshiba Tecra | >2008 | xp | w | | | Obsoleto |
| * Apoyo datos 2 pc clónicos Comelta mod 23271 | | | | | | | | | | Obsoletos |
| ** 3 pc acceso a internet clónicos Comelta mod 23271(maqueta abalar corporativa) | | | | | | | | | | Obsoletos |

| nº | Ubicación | Pc/p | Conectividade | Marca | Ano Xuga | S.O. | C/w | IP | Hardware asociado | Estado/ Nec Futura |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | E-Dixgal | Port. | | Hp Probook(6) Prof | | dj | w ab | E-Dixgal | | Correctos |
| 2 | E-Dixgal | Port. | | Hp Probook(19) Alu | | dj | w ab | E-Dixgal | | Correctos |
| 3 | E-Dixgal | Port. | | Hp Probook(1) Reserva Alu | | dj | w ab | E-Dixgal | | Correcto |
| | Aulas | | | | | | | | | |
| 1 | Inf 1 | Pc | PW | clon-ConsE | >2008 | dj | c | 71 | Proj. Epson EB X27+ PI | Pc obsoleto |
| 2 | Inf 2 | Pc | PW | clon-ConsE | >2008 | dj | c | 73 | Proj Epson EB X27+ PI | Pc obsoleto |
| 3 | Aula 1º | Pc | PW | clon-ConsE | >2008 | dj | c | 81 | Proj. Epson EMP83H+ PI 2008 | Pc obsoleto |
| 4 | Aula 2º | Pc | PW | clon-ConsE | >2008 | dj | c | 82 | Proj. Epson EMP83H+ PI 2008 | Pc obsoleto |
| 5 | Aula 3º | Pc | PW | Acer T6592G | >2008 | w10 | w | edu. | Proj. Epson EMP83H+ PI 2008 | Port. obsoleto |
| 6 | Aula 4º | Pc | PW | Hp 6005 pro | 2010 | w10 | c | 84 | Proj. Epson EMP83H+ PI 2008 | Correcto |
| 7 | Aula 5º | Port, | PW | Lenovo Abalar | | dj | w ab | abalar | Proj Epson + PDI | Correcto |
| 8 | Aula 6º | Port. | PW | Lenovo Abalar | | dj | w ab | abalar | Proj Epson + PDI | Correcto |
| | Alu NEE | | | | | | | | | |
| 1 | Audio e lin. | Tab | | BQ | | Andr. | w | edu. | Tablet | Obsoleta |
| 2 | Audio e lin. | Tab | | | | Andr. | w | edu. | Tablet | Correcto |

| nº | Ubicación | Pc/p | Conectividade | | Ano Xuga | | C/w | IP | Hardware asociado | Estado/ Nec Futura |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Outros espazos | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Orientación | | Megafonía | | | | | | | Obsoleta/ |
| | Conserxería | | Rac General | | | | c | | | Desordenado/Reunificar |
| | Secretaria | | Rac Abalar/PEC | | | | c | | | Correcto |
| | Biblioteca | | Rac secundario | | | | c | | | Correcto |
| | | | | | | | | | | |
| | Potabilidade | | | | | | | | | |
| 1 | Prog.Educa en dixital C035/20-SP POPE | | | (3) | 2021 | | | | Router inalámbrico | Correcto |
| | | | | | | | | | | |
| | Móbil Cole 622 423 392 | | | | Telefonos cole fijos Dir (982 829215 ) Sec( 982 829216 ) | | | | | |
| | | | | | | | | | | |
| | PW (Punto wifi) Programa Escuelas Conectadas C121/15-SV POCInt | | | | | | | | Puntos wifi Orange Dual | |
| | | | | | | | | | | |
| IP | 10.43.74.xxx | | | | Red cableada R/Movistar | | | | | |
| Pe | 10.43.74.1 | | | | Red wifi dual (abalar // edu.xunta.es) Movistar | | | | | |
| DNS | 10.180.188.75 | | | | Web: www.edu.xunta.gal/centros/ceipcorgo/<br>Aula virtual : www.edu.xunta.gal/centros/ceipcorgo/aulavirtual<br>Correo : ceip.corgo@edu.xunta.es | | | | | |

## 4. Avaliación do plan

*O plan, a súa posta en marcha e a valoración dos resultados acadados, será avaliado ao remate de cada trimestre do curso. Nesta avaliación procesual propoñeranse medidas de mellora no caso de se detectar erros no plan, se están sendo executadas as accións no tempo estipulado e a valoración desas accións. Todo isto será realizado polo equipo do Plan Dixital, que valorará, en función dos datos recollidos previamente, o nivel de cumprimento dos indicadores de logro.*

*Ao remate do curso realizarase unha avaliación final dos logros acadados na realización deste plan, valorarase o nivel de cumprimento dos obxectivos e propoñerase as accións para mellorar a consecución dos mesmos. Os encargados da realización desta avaliación final será o equipo do Plan Dixital, que remitirá o seu informe para o estudo e aprobación por parte do claustro de mestres.*

## 5. Difusión do plan

*O plan será publicado, cando o resto da documentación do centro na páxina Web do centro. Así mesmo, nas reunións iniciais de curso, e nas de trimestre, incluirase este punto de información do plan dixital. Tamén elaborarase un pequeno resume dos obxectivos do plan que será enviado a toda a comunidade escolar ao través da mensaxería institucional.*

*Vto e prace, a directora* *Secretaria*

*A coordinadora*